



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 8/2019 DO PLENO REALIZADA O DÍA 25-9-2019

Na biblioteca municipal do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e seis minutos do día vinte e cinco de setembro de dous mil dezanove reúnen-se, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto. O lugar elixido débese á imposibilidade de realizar sesión plenarias na cas aconsistorial, debido ás obras no baixo.

ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)
Ramón José Dopico Martínez (PP)
Juan Manuel Freire Golpe (PP)
José Otero López (PP)
Remigio Pérez Bao (PP)
José Ángel Roca Díaz (PP)

AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 29-7-2019. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior.

O sr. Boado (BNG) indica que a redacción da acta non é correcta, discrepando en diversos puntos: nº 3 da desafectación do tramo de camiño en Cabana (criterios xerais obxectivos); nº 4 da modificación ordenanza IVTM (pregunta do efecto recadatorio); e nº 8 do dominio-uso público do camiño en Lousada (documentación gráfica tendenciosa).

Como secretario reitero a necesidade de concretar calquera proposta de modificación da acta mediante escrito, aclarando o texto a substituír e a correspondente nova redacción.

Finalmente non se formula ningunha proposta formal polo que, en virtude do establecido no art. 91.1 do R.O.F (Real decreto 2568/1986), se declara aprobada a acta da sesión extraordinaria de 29-7-2019.

2. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 7/2019. Dáse conta da memoria da Alcaldía que abre o expediente, así como do informe de Secretaría-intervención-tesourería (favorable).



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

O sr. alcalde (PP) aclara que o motivo da insuficiencia dos créditos a complementar é o maior custe que supoñen as baixas no persoal de servizos sociais, existindo remanente de tesourería, pero que non se pode utilizar para estes fins.

Tras un breve debate é sometido o asunto a votación ordinaria, con resultado de unanimidade de 9 votos favorables, declarándose aprobado o seguinte **acordo**:

1. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria nº 7/2019 ascendendo o seu importe a 20.000 €, co seguinte desglose:

TRANSFERENCIAS NEGATIVAS

161.21000	Reparac. e mantemento., abastec. auga	2.000,00
165.21000	Mantemento alumeadado público	4.000,00
241.1817.20400	Arrendamento material transporte Obradoiro	8.000,00
334.22609	Gtos., diversos promoción cultural	2.000,00
341.22300	Transporte actividades deportivas	2.000,00
454.21000	Reparacións e conserv. camiños	2.000,00

Suma Transf. Negativas.....20.000,00

TRANSFERENCIAS POSITIVAS

231.1901.12001	Soldos Traballador Social.....	3.400,00
231.1901.12100	Complemento Destino Traballador Social.....	2.000,00
231.1901.12101	Complemento Específico Traballador Social.....	1.200,00
231.1901.15000	Productividade Traballador Social.....	. 200,00
231.1901.13000	Persoal laboral fixo Servizos Sociais.....	500,00
231.1901.13100	Persoal laboral temporal Servizos Sociais.....	5.000,00
231.1901.16000	Cotas empresas seguros sociais Servizos Sociais.....	6.000,00
241.1907.13100	Persoal laboral temporal, Orientación Laboral.....	50,00
920.12006	Antigüidade Funcionarios Integrados.....	50,00
920.12009	Outras retribucións Funcionarios Integrados.....	100,00
920.12100	Complemento Destino Funcionarios Integrados.....	100,00
011.31000	Intereses de operacións financeiras.....	400,00
341.46200	Transferencias Ctes. a Concellos (piscina Monfero).....	1.000,00

Suma Transf. Positivas..... 20.000,00

2. Exporase ao público o presente expediente polo prazo de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, conforme ao establecido nos arts. 176 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. En caso de non presentarse reclamacións elevarase o presente acordo automaticamente a definitivo.

3. Tras a aprobación definitiva do expediente procederase á publicación no BOP do novo resumo por capítulos, así como á remisión de copias do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia.

3. COÑECEMENTO RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 30-7-2019 DE INCREMENTO SALARIOS PERSOAL MUNICIPAL. Dáse conta da resolución da Alcaldía do 30-7-2019, que ten a seguinte parte dispositiva literal:



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

1º. A vista do acordado polo Consello de Ministros en data 21.06.19, de incremento salarial do 0,25% previsto no Real Decreto Ley 24/2018, de 21 de decembro, de medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, esta Alcaldía acorda establecer este incremento o persoal deste Concello, con efectos do 01.07.2019.

2º. Aprobar as retribucións e salarios correspondentes a o mes de Xullo 2019, previsto no vixente Orzamento Municipal, co incremento salarial do 0,25% con efectos do 01.07.19:

Funcionarios Integrados..	5.994,11.- euros.
Funcionario Novo Ingreso	2.288,03.- euros.
Órganos de Goberno.....	2.100,00.- euros.
Persoal Laboral.....	39.030,82.- euros.

3º. Tramitar as correspondentes ordenes de pago, logo de practicar os descontos pertinentes de Seg. Soc., e IRPF., e outros que correspondan.

Esta resolución segue a liña do acordo plenario do 26-9-2018, sobre incrementos salariais do persoal municipal para o ano 2018.

Non se produce debate sobre o tema e non hai intervencións discrepantes coa liña do incremento aprobado.

4. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2019. Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía nos meses de xullo e agosto de 2019, repartindo o secretario unha relación extractada das mesmas a cada corporativo asistente. Remítirase unha copia ás administracións estatal e autonómica.

O Pleno queda enterado.

5. ASUNTOS DE URXENCIA: Pasando á quenda de mocións de urxencia, ningún grupo expón mocións de urxencia, polo que o punto queda sen contido.

6. ROGOS. Neste punto intervén o sr. Boado (BNG) para que se posibilite a remisión da relación de decretos xunto coa documentación da sesión, co obxecto de poder preparar preguntas.

Responde o sr. alcalde (PP) que, dado que é un documento informativo e non integra un punto de acordo, seguirase facendo a entrega na propia sesión.

7. PREGUNTAS. No punto de preguntas unicamente intervén o sr. Boado (BNG) para realizar as seguintes:

7.1. Que pasou cos sinais de tráfico arrincados ou derrubados en Verís altos?

Contesta o sr. alcalde (PP) que se trata de actos vandálicos na fin de semana da festa de Cambás (aínda que a festa foi o venres) que os pagaron os sinais; vanse repoñer e estudárase a presentación dunha denuncia na Garda Civil.

7.2. Que pasa cos espellos de tráfico desa mesma zona?

Contesta o sr. alcalde que se van ir substituindo ou repoñendo paulatinamente.

7.3. Vaise contestar o escrito do BNG sobre o uso de fitosanitarios na estrada?

Contesta o sr. alcalde que era preciso aplicar un herbicida nos bordillos das beirarrúas para un adecuado mantemento, sendo aplicado por persoal habilitado e cunha máquina de baixa pre-



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

sión; buscarase o rexistro do produto, aínda que é posible que se trate dunha garrafa antiga almacenada, sendo o adecuado para eliminar herbas,

O sr. Boado considera que a gravidade do asunto é maior da esperada, xa que non se segue o protocolo e o tratamento pode ser prexudicial para os peóns, podendo considerarse unha actividade delictiva.

Sendo as trece horas e corenta minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE